

ANPA IES CHAPELA
NOTA INFORMATIVA

A Asociación de Pais e Nais de Alumnos (ANPA), do IES de Chapela, formámola un grupo de persoas convencidas de que o ensino público, do que dispoñemos, é unha das mellores ferramentas para obter un futuro máis democrático, solidario, xusto, libre e tolerante.

O noso obxectivo é colaborar co Instituto e as familias para lograr a máxima calidade en todos os aspectos da educación, tanto formativa como humana, que se ofrece aos nosos/as fillos/as e mediar coas administracións públicas.

Queremos facervos partícipes das nosas achegas:

- Xestionar queixas e suxestións.
- Organizar actividades informativas e solidarias.
- Conseguir subvencións das entidades públicas.
- Favorecer a comunicación entre os diferentes integrantes da comunidade educativa.
- Representar as familias no Consello Escolar defendendo os seus intereses e dereitos.
- Poñer en marcha novos proxectos encamiñados á socialización do alumnado e en mellorar a calidade do Centro.

Queremos brindar a posibilidade, a todas as familias, de que participedes no traballo cotián da Asociación e colaboredes connosco, tanto desde dentro, formando parte da ANPA, como axudando en tarefas propias desta.

A ter en conta é, que se a ANPA desaparece porque non haxa xente que a xestione, perderíamos:

- **Representación.**
- **Información.**
- **Asistencia e xestión.**
- **Subvencións (magosto, maratón, excursións..., estas, de habelas, non terían subvención da ANPA).**
- **Recursos.**
- **Comunicación entre as Familias, Consello Escolar, Dirección, etc.**

OS PAIS OU NAIS IMPLICADOS/AS EN TEMAS EDUCATIVOS QUE PARTICIPAMOS NA ANPA, SOMOS
PERSOAS PARTICIPATIVAS E CON ESPÍRITO CRÍTICO, FACÉMOLO POLO BEN COLECTIVO DOS
NOSOS/AS FILLOS/AS. POR ISO VOS ANIMAMOS A QUE COLABOREDES
OU BEN FORMEDES PARTE DELA.

CONSECUENCIA MOI GRAVE SERÍA QUE A ANPA DESAPARECESE.

Para que este curso podamos seguir participando neste proxecto en común, xa que desde o Concello están a diminuír as subvencións, vos indicamos o número de conta bancaria da ANPA no que facer o ingreso da cota, importante ao facelo é indicar o nome e o curso do alumno, e se ten irmáns no Centro.

Número de Conta:

ABANCA: **ES 66 2080 5103 30 3000038787**

O importe da cota é de 13 euros por familia, independentemente do número de irmáns matriculados no Centro. O prazo remata o 30 de novembro.

Lembrarvos que podedes poñervos en contacto connosco a través do correo electrónico:
anpa.ieschapela@gmail.com o no teléfono: **722 38 90 42.**

Chapela, 13 de xuño de 2018